
UNHA HISTORIA DETECTIVESCA DE DOBRE CANÓN

Texto de MARC TWAIN

Tradución de ANTÍA VERES GESTO

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 96 páx. 12 €.
ISBN 978-84-15250-96-8. Narrativa K. Factoría K de Libros.

– Senta. Teño algo que che dicir. Eu ameite. Iso foi antes de que lle pedise a túa man ao teu pai. Non é pola súa negativa polo que me queixo, iso ben podería aturalo. Pero as cousas que che dixó de min..., iso éche outro conto. Tranquila, non precisas dicir nada. Xa che sei bastante ben cales foron. Chegáronme de fontes fiables. Entre outras cousas, dixó que eu levaba o carácter escrito na cara, que era traizoeiro, un farsante, un covarde e un brután sen sentido ningún da piedade nin da compaixón: a «marca de Sedgemoor», chamoulle, e «insignia de manga branca mal cortada». Outro home calquera no meu lugar iría á súa casa e mataría a tiros coma se fose un can. Eu quería facelo e estaba determinado a facelo, pero ocorréuseme unha idea mellor: avergonzalo, romperlle o corazón, ilo matando aos poucos. Como facelo? Por medio do trato que che dou a ti, a súa deidade! Casaría contigo e despois... Paciencia. Ti xa verás.

Dende aquel momento, durante tres meses, a nova esposa padeceu todas as humillacións, todos os insultos, todos os sufrimentos que a dilixente e enxeñosa mente do esposo puido idear, quitando unicamente danos físicos...

Na época da febre do ouro, o famoso detective Sherlock Holmes está de vacacións en California. Mais a historia do crime nunca se detén e maniféstase neses días cun gran rebumbio nun campo mineiro onde, casualmente, traballa un sobriño de Holmes, Fetlock Jones. Alí tamén vive o vello Flint Buckner, asasinado cando alguén fai voar a súa cabana con el dentro. Nesa vila traballa Archy Stillman, un mozo que naceu cun olfacto de sabuxo. Será Sherlock Holmes co seu rigor científico, ou será Archy Stillman coa súa intuición, quen nos conducirá até o asasino?

Coa mestría literaria e co enxeño que o caracterizan, Mark Twain mófase dun Sherlock Holmes incompetente ao tempo que presenta pasaxes de fondo e hábil calado melodramático. “Unha historia detectivesca de dobre canón” -novela breve publicada en 1902 no *Harper's Magazine*- é unha sátira caricaturesca sobre o xénero da novela de intriga, demostrando que a vida sempre garda algunha sorpresa. Considerado un dos grandes autores da literatura norteamericana, a súa escrita combina o humor e a sátira coa crítica social e a descrición realista do mundo no que vive.



- **Temática:** historia dun crime.
- **Receptores:** lectores xuvenís e adultos.
- **Aspectos destacables:** caricatura da novela detectivesca; sátira, humor; California, febre do ouro; do autor de «[Cartas desde a Terra](#)» e «[Un ianqui na corte do rei Artur](#)» (Kalandraka).
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-ha-historia-de-dobre-canon-g>

Mark Twain

(Missouri, 1835 - Connecticut, 1910)

Samuel Langhorne Clemens, máis coñecido polo pseudónimo de Mark Twain, estudou Maxisterio e Tradución e Interpretación. Á morte do seu pai tivo que deixar a súa formación e comezar a traballar de aprendiz nunha imprenta. Aos dezaseis anos xa era tipógrafo no xornal *Hannibal Journal*, propiedade do seu irmán máis vello, no que publicou os seus primeiros artigos. Dous anos despois comezou unha xeira por imprentas de cidades como Nova York e Filadelfia. Máis adiante traballou de piloto nun barco de vapor no río Mississippi, unha experiencia que lle deixou fonda pegada; logo foi mineiro en Nevada, soldado da Confederación e, por fin, xornalista. As súas obras máis recoñecidas son «As aventuras de Tom Sawyer» (1876), «As aventuras de Huckleberry Finn» (1884), considerada como a «gran novela norteamericana», e «Un ianqui na corte do rei Artur» (1889). As súas ideas políticas, de corte progresista, fixéronse máis radicais co paso do tempo e apareceron reflectidas en «Cartas desde a Terra», publicada postumamente en 1962.